

## O PRÍNCIPE *GATELO*, FUNDADOR DE BRIGANCIA: UN «PRECURSOR» DE *BREOGÁN* NA HISTORIOGRAFÍA GALEGA

Por Fernando PEREIRA GONZÁLEZ

Departamento de Historia I  
Universidade de Santiago

**Abstract:** Here I follow the legend of prince Gathelus, founder of the city of Brigancia in Galiza, begining with its origins in some irish or gaelic historical traditions, to its presence in Galician historiography, coming there from sixteenth century scottish chronicles. In spite of these relations with Ireland and Scotland, the story has never been conected with the Celts by Galician writers.

**Key words:** Galician historiography, Irish legends, Celticism.

*Gorau Cof, Cof Llyfrau*  
(proverbio galés)

### 1. LIMIAR

«A mellor memoria, a memoria dos libros» ... Así reza o vello proverbio galés citado enriba destas liñas. E sen embargo esta sentenza, que vale para tantos outros exemplos de memoria histórica, non podería ser aplicada á historia que quero contar neste traballo. Porque as aventuras do príncipe grego *Gatelo* —fundador da cidade galega de Brigancia, e rei de Galiza en tempos moi recuados—, están hoxe totalmente esquecidas no noso país, e non só polo grande público, senón tamén polos historiadores, mesmo por aqueles que se teñen dedicado a investigar na historiografía galega. Pero houbo unha época, entre os

séculos XVI e XVIII, na cal a figura de Gatelo, ou Gotelo<sup>1</sup>, desfrutou dunha relativa popularidade dentro da erudición histórica europea, e nomeadamente nas Historias de Escocia, de Irlanda e de Galiza, por seren estes tres países os lugares nos que se desenvolvían o esencial dos actos de Gatelo e dos seus descendentes. Así que, a pesar do esquecemento actual, as Historias de Galiza redixidas durante os séculos XVII e XVIII transmitíronnos a memoria deste personaxe, memoria que hoxe pretendo rescatar das tebras do tempo.

A grandes trazos a historia, ou lenda histórica, do príncipe Gatelo é a seguinte (máis adiante haberá a oportunidade de presentar algúns dos seus detalles): Gatelo, príncipe grego fillo de Cecrops, o primeiro rei de Atenas, abandona o seu país natal e viaxa cos seus compañeiros na procura de aventuras. Chega a Exipto e alí, logo de axudar militarmente a Faraón, o rei dese país, contra os seus inimigos os Etíopes, casa con Scota, a filla do monarca exipcio. Pouco despois a parella deixa a terras do Nilo acompañados por unha flota formada por gregos e por exipcios, e despois de viaxaren polo Mediterráneo aportan ás costas setentrionais da Península Ibérica, concretamente a Galiza. Unha vez vencida a resistencia dos indíxenas, Gatelo e a súa xente fanse donos do territorio, fundan a cidade de Brigancia —adoito identificada con Santiago de Compostela polos historiadores escoceses—, e enceta unha dinastía de reis de Galiza descendentes de Gatelo. Gatelo ten coñecemento da existencia dunha illa non lonxe das costas galegas, Irlanda, e decide enviar alí unha flota comandada polos seus fillos Ibero e Emeco para tomar posesión daquelas terras, polo cal a illa recibe o nome de Hibernia ou Hiberia (de Ibero); nalgunhas versións da historia, Gatelo sabe da existencia da illa cando albisca unhas terras lonxíncuas dende o cumio dunha torre construída en Brigancia, ou dende un outeiro elevado sito na mesma cidade. As xentes do rei Gatelo, os Escotos (así chamados pola raíña Scota), pasan á illa de Irlanda e alí establecen unha nova dinastía de reis escotos vencellada estreitamente a Galiza. Finalmente os Escotos, tras o escoar de varias xeracións, pasan a ocupar o Norte da veciña illa de Britania, no territorio coñecido máis adiante co nome de Escocia (na honra da dona de Gatelo) e xurde alí outra nova liñaxe real, con Gatelo e Scota como devanceiros fundadores, da cal derivarán tódolos monarcas escoceses, comezando polo primeiro deles: Fergus Ferchaird.

Aquelas persoas familiarizadas coas lendas históricas irlandesas —recollidas no coñecido *Lebor Gabála Éirenn*, ou «Libro da Conquista de Irlanda»— axiña se decatán de que existen paralelismos salientables entre a historia de Gatelo aquí resumida e certos pormenores do ciclo histórico irlandés, en especial a lenda que narra as orixes dos Milesianos ou Goidelos (é dicir, os Gaélicos ou Irlandeses actuais); por exemplo no que atinxe ós famosos episodios de Breogán e da conquista de Irlanda polos Milesianos procedentes de Brigancia, cidade da

---

<sup>1</sup> Gatelo é a denominación máis frecuente do personaxe entre os escritores galegos e españois. Mais tamén aparecen, menos a miúdo, as variantes de Gatelio, Gotelio, Catelio ou Cotelio.

Península Ibérica. E non se engarán xa que todas esas historias —as de Gatelo, Breogán e Mile— derivaban dunha mesma orixe: a creación dunha Historia particular para a illa de Irlanda e para os seus habitantes, e que asemade os vencellase á Historia Universal. Esa tarefa creadora foi levada a cabo polos eruditos gaélicos (monxes, poetas, etc.) a partir dos séculos VII e VIII (ou pode que antes). Con todo, namentres que Breogán e os Milesianos se mantiveron como personaxes exclusivos da historiografía e da literatura irlandesas —só «reivindicados» polos celtistas galegos dende o século XIX—, Gatelo, pola contra, pasou a formar parte da Historia de Escocia, como lonxínqua figura fundadora da monarquía escocesa, sendo logo importado dende aquela a diversas tradicións históricas peninsulares (a galega e, en menor medida, a castelá e maila portuguesa) por vieiros que máis adiante sinalarei.

Xa que logo o obxectivo deste artigo é dobre. Por unha banda traxer, moi brevemente, a «xenealoxía» da lenda de Gatelo, dende as súas orixes gaélicas ata a súa adopción como mito fundador do Reino de Escocia. Pola outra, pescudar a presenza de Gatelo dentro da historiografía galega: un esculcar na súa aparición na mesma a comezos do século XVII; os seus posteriores desenvolvementos nesa centuria; o seu devalo nos séculos XVIII e XIX; e a súa curiosa reaparición ó principiar o XX.

## 2. A XENEALOXÍA DE GATELO

A figura e mailas aventuras de Gatelo e dos seus inmediatos descendentes son herdeiras directas da historiografía irlandesa medieval. Porén, o seu paso á Historia escocesa implicou a introducción de numerosas transformacións e variantes a respecto das lendas irlandesas orixinais, de xeito que se fai posible considerar a lenda escocesa resultante e a irlandesa inicial como tradicións históricas independentes a partir do século XIV (data na que se conservan os primeiros testemuños relativamente completos da lenda de Gatelo na Historia de Escocia), aínda que ámbalas dúas deriven dunha mesma tradición gaélica anterior e conserven nidias pegadas desa común descendencia.

En efecto, de finais do século IX data a primeira versión completa coñecida da lenda da orixe do pobo irlandés, os Goidelos. Orixe que se artellaba a partir da historia dos seus principais devanceiros, consonte a recollía o poema *Can a mbunadus na nGaedel* de Mael Muru Othna: Fenius o Escita, inventor do idioma gaélico a partir das 72 linguas resultantes de Babel; Nel, fillo de Fenius e marido de Scota, a filla do Faraón exipcio; Gaedhil (ou Goidel) Glas, fillo de Nel e de Scota, e o devanceiro epónimo dos Goidelos (tamén chamados Escotos pola súa nai Scota); Bregon ou Breogán, descendente de Gaedhil Glas e rei dos Goidelos asentados na Península Ibérica, fundador da cidade de Brigantia e da súa torre, a *Tor Breoghain*; Milidh (ou Mile) e os seus fillos e descendentes, os Milesianos, conquistadores de Irlanda... A historia dos Goidelos e da súa conquista da illa de

Irlanda formará parte —a carón das outras invasións anteriores da illa— do que co tempo se coñecería como o «Libro da Conquista de Irlanda». O *Lebor Gabála Érenn*, que constitúe ademais a cerna do ciclo histórico irlandés, estaba composto de elementos diversos, tirados uns da Biblia e dos autores clásicos e medievais (nomeadamente Orosio e Isidoro), e outros de tradicións gaélicas, incluídos algúns vestixios da antiga mitoloxía irlandesa (como os Tuatha Dé Danann). A primeira versión ampla do «Libro da Conquista», datada do século XII, atópase no «Libro de Leinster». Sen embargo cómpre salientar que hoxe se coñecen unha chea de versións do *Lebor Gabála Érenn* (sen dúbida menos das que realmente existiron), o cal non é de estrañar, xa que os diversos relatos que o compuñan estiveron en contínuo proceso de revisión e de transformación dende o século VII ata o XVII (VAN HAMEL, 1915; SCOWCROFT, 1987 e 1988). Precisamente dalgunha das diversas versións iniciais xurdiu o futuro príncipe Gatelo.

O personaxe de Gatelo e as súas accións teñen equivalencia con tres figuras centrais da épica irlandesa: Gaedhil Glas, Breogán e Mile. De feito o seu nome deriva do de Gaedhil. Gathelus ou Gaithelus, como aparecía nas crónicas (logo Gatelo na historiografía galega), non é senón a adaptación latina de Gaedhil, o epónimo dos Goidelos. E se este Gaedhil, nas versións máis coñecidas do *Lebor Gabála Érenn*, aparecía como fillo de Scota —a diferenza de Gatelo, marido da filla do Faraón—, é ben lembrar que noutras versións da lenda irlandesa Gaedhil era o marido da mesma Scota. Tamén noutras variantes, Mile estaba presente como o home de Scota, filla doutro rei Faraón, e como o xefe que conducía ós Goidelos dende Exipto ata Irlanda, non sen pasar antes pola Península Ibérica. Finalmente Breogán é, nas versións máis coñecidas e espalladas da historia dos Goidelos, o fundador en España da cidade de Brigantia, ó igual que o será máis tarde Gatelo.

Ata aquí ficou exposta, moi brevemente, a xénese de Gatelo no seo do ciclo histórico irlandés. Pero ¿como se pasou de Gaedhil, ou de Mile e de Breogán, a Gatelo? Ou, plantexado doutro xeito, ¿como viaxou a lenda de Irlanda a Escocia? Antes de tentar respostar a isto é preciso dicir dúas cousas. Primeiro, que non se coñecen tódolos detalles deste proceso, e que posiblemente nunca se chegarán a coñecer, dada a inexistencia de informacións básicas referidas ós primeiros tempos das historiografías irlandesa e escocesa, é dicir da época na que se debeu producir a «migración» das lendas irlandesas cara a Escocia e a conversión de Gatelo no devanceiro da monarquía escocesa. E segundo, que no espacio reducido e limitado deste artigo non é posible tratar cos detalles necesarios tódolos aspectos dese traslado e desa conversión, nin sequera o pequeno número daqueles que son mellor coñecidos. Aclarado isto retomo a pregunta: ¿como e cando pasou a lenda irlandesa a Escocia, e evoluiu ata dar na historia de Gatelo transmitida polas crónicas escocesas?

A resposta, a primeira vista, semella simple e doada: a presenza das tradicións irlandesas en Escocia, así como a do idioma gaélico, explícase polas continuadas migracións dos Goidelos ou Escotos da illa de Irlanda, dende o século V da nosa

era en diante, ás terras da futura Escocia. Resultado das mesmas foi o reino gaélico de Dal Riada (séculos VI-IX), e posteriormente a creación, durante os séculos IX e X, do Reino de Alba ou Escocia, logo de os Escotos de Dal Riada teren unificado baixo o seu dominio as terras escocesas tras venceren ós principados pictos e britóns que alí existían con anterioridade (LYNCH, 1998). O que non sabemos, porén, é cando, como e por que, Gatelo se converteu no mítico xérmolo do que agromaría a monarquía escocesa. Con todo, o máis probable é que a historia de Gatelo e de Scota xurdise como mito escocés das orixes despois (e como consecuencia) da unificación do territorio baixo o Reino de Alba ou Escocia, logo do século IX, e coa nidia finalidade práctica de fornecer ó novo Reino dunha prestixiosa ascendencia a partir de Grecia e de Exipto.

Os escasos datos que posuímos dunha época tan recuada, no principiar do Reino escocés, deixan albiscar sen embargo que foi Scota, a filla do Faraón, a primeira en ser invocada como devanceiro do Reino, sen dúbida gracias á coincidencia do seu nome co do novo estado. Así, na denominada «Crónica Picta» (século X), Scota, a filla do rei de Exipto, aparecía como o ancestro epónimo dos *scotti* ou Escoceses, sen que se mencionase a Gatelo<sup>2</sup>. Na mesma crónica atribúaselle idéntica procedencia —a Escitia asiática— a Escotos gaélicos e a Pictos; sen dúbida unha habelenciosa maneira de achegar a dous pobos agora unidos nun único Reino (COWAN, 1984).

As primeiras referencias a Gatelo son máis serodias, do século XII. Sabemos que por entón a xenaloxía do rei escocés Guillherme «O León» levábase ata Gatelo, o suposto fundador da monarquía (MATTHEWS, 1971). Dos séculos XIII e XIV hai outros testemuños: un poema escrito en francés, *La Piere d'Escoce*; varios documentos escoceses que estaban destinados a demostrar a meirande antigüidade da monarquía escocesa —orixinada en Gatelo e Scota— fronte á inglesa, documentos que se inserían no contexto dos contínuos enfrontamentos entre ámbolos dous Reinos; e nomeadamente a *Scalacronica* de Thomas Gray, unha crónica de Escocia e de Inglaterra escrita entre finais do século XIII e as primeiras décadas do XIV, e maila *Chronica Gentis Scotorum* de John de Fordun, redixida contra finais do século XIV (MATTHEWS, 1971). Era na *Scalacronica* e na crónica de Fordun onde se achaban xa as liñas xerais da historia do príncipe Gatelo e da súa descendencia, tal e como as describín no limiar deste artigo.

Na centuria seguinte continuaría a ampliación e enriquecemento da lenda; por exemplo na *Oryginald Chronykil of Scotland* de Andrew de Wyntoun (MATTHEWS, 1971; DREXLER, 1987). Interesa sinalar que o nome do noso personaxe, que aparecía como Gaythelos na crónica de Fordun (escrita en latín), e como Gaidel na *Scalacronica* (escrita en francés), era Godeyelle-Glays na *Chronykil* de Andrew de Wyntoun (redixida en inglés, no dialecto escocés), o que amosa claramente que

---

<sup>2</sup> É de salientar que antes do século IX nin Isidoro (s. VII) nin Beda (s. VIII) fixeran referencia a Scota (nin a Gatelo) ó falaren da orixe dos Escotos. Con toda probabilidade esas dúas figuras míticas artelláronse en Irlanda no século IX, e Scota antes ca Gaedhil Glas/Gatelo (cf. Van Hamel, 1915).

o nome de Gatelo era un resultado das diversas adaptacións do orixinal gaélico Gaedhil Glas.

O século XVI foi un momento paradoxal para a lenda de Gatelo na historiografía escocesa, pois se por unha banda acadou a súa versión «canónica» e a súa meirande difusión, tamén apareceron duras e esmagadoras críticas contra a súa pretendida veracidade histórica. Do primeiro aspecto —da fixación da lenda e do seu espallamento fóra dos límites da historiografía escocesa— encargáronse Hector Boece, no ano 1527, e John Leslie (ou Lesley), en 1578, autores de senllas *Historias* ou *Crónicas de Escocia*, escritas orixinariamente en latín e máis tarde (indicio da súa popularidade) traducidas para o dialecto escocés. Do segundo —a *deconstrucción* da lenda— foron responsables importantes eruditos de formación humanística: John Mair (ou Major), no 1521; o italiano Polidoro Verxilio, no 1534; e George Buchanan, en 1582. Todos eles alcumaron de fábulas as pretensións dos Escoceses de descenderen de Gatelo e de Scota, criticando igualmente as supostas orixes troianas dos Galeeses e dos Ingleses a partir de Bruto. Cómpre salientar, sen embargo, que na aceptación ou rexeitamento da historia de Gatelo e Scota como mito fundador do Reino escocés estaban en xogo algo máis ca simples discusións de eruditos. Todo o asunto constituía un complexo tramado no cal se ensarillaban cuestións históricas e eruditas con importantes problemas políticos que remitían ás difíciles relacións existentes entre os Reinos de Inglaterra e de Escocia. Resumindo moito a situación: Boece e Leslie, partidarios da independencia do Reino de Escocia, apoiábanse na lenda de Gatelo para amosaren a grande antigüidade da súa monarquía (maior cá de Inglaterra), a cal estivera vencellada nos seus comezos ás grandes civilizacións do pasado (Grecia e Exipto), e para evidenciaren que dende o principio Escocia fora un Reino independente e non sometido ós ingleses; pola contra, tanto Mair como Buchanan defendían a unión dos dous Reinos veciños como solución ós constantes conflitos que dende antigo os viñan enfrontando, e polo tanto non vían ningunha utilidade en manter os mitos de orixe dos dous estados —o grego Gatelo no caso escocés, e o troiano Bruto no inglés— que os diferenciaban e os afastaban entre si (MATTHEWS, 1971; DREXLER, 1987; WILLIAMSON, 1996).

A partir do século XVII, e como consecuencia do labor crítico encetado na centuria anterior, a lenda de Gatelo e de Scota sufriu un forte devalo na historiografía escocesa, de xeito que dende entón a súa presenza na mesma fíxose marxinal e a súa veracidade histórica pasou a ser defendida unicamente por autores que eran cada vez máis «excéntricos» dentro da produción histórica escocesa — asemade isto tiña lugar en Escocia, no Reino de Inglaterra a lenda de Bruto, o primeiro rei dos Britóns, entraba igualmente na fase final da súa decadencia (KENDRICK, 1950; MACDOUGALL, 1982).

Precisamente no momento en que Gatelo tendía a se esvaer da Historia escocesa é cando o personaxe fai a súa aparición dentro da Historia de Galiza. E aí é cara a onde nos direxiremos nos vindeiros apartados.

### 3. GATELO NA HISTORIOGRAFÍA GALEGA (S. XVII)

Antes de achegármonos ó tema central deste apartado debo facer unha rápida referencia á obra que con toda probabilidade presentou a lenda de Gatelo ós historiadores hispanos: trátase da *Monarchia Ecclesiastica* de Juan de Pineda, escrita en cinco volumes e publicada no ano 1588. Malia ó seu título, a *Monarchia Ecclesiastica* era unha Historia Universal, que abranguíaa dende a Creación ata a caída do Imperio Romano. No libro 27, capítulo 12, traía a historia de Gatelo, no intre de falar do poboamento das illas británicas. Pineda dicía apoiarse en Hector Boece, Polidoro Verxilio (o que sería unha contradición, pois este autor negaba a veracidade da fábula), e outros «cronistas» de Escocia que non nomeaba. Sen embargo el seguía, case ó pé da letra, a narración presentada por Boece na súa *Scotorum Historia* de 1527. Deste xeito, cando ó longo do século XVII atopemos as diversas pegadas de Gatelo entre os historiadores de Galiza, as referencias á *Monarchia Ecclesiastica* de Pineda serán unha constante; aínda que, como se verá tamén, non será ela a única fonte da lenda.

Pasemos xa a pescudar a presenza do príncipe Gatelo na historiografía galega.

Non hai trazas del nas crónicas medievais, nin posteriormente nos séculos XV e XVI, aínda que é obriga confesar o noso descoñecemento case absoluto da historiografía galega durante esas dúas últimas centurias por mor da desaparición das obras escritas nese tempo. Xa que logo, a partir dos documentos que hoxe se conservan, débese sinalar o século XVII como o intre da aparición da lenda de Gatelo dentro da Historia galega, así como o da súa meirande popularidade.

Existe, en primeiro lugar, un pequeno grupo de autores que escribiron a comezos do XVII nas obras dos cales é posible dexergar os pasos iniciais, aínda tateantes, do personaxe de Gatelo na Galiza: Prudencio de Sandoval, bispo de Tui (1610); Mauro Castellá Ferrer (1610); e Baltasar Porreño (contra 1630). Nesta primeira metade do século as referencias á fábula de Gatelo eran aínda moi breves e de escasa importancia, de tal xeito que as accións de Gatelo e dos seus descendentes apenas estaban inseridas dentro da Historia de Galiza. Falábase unicamente da presenza do príncipe grego nas terras galegas, e da unión dos recién chegados (cualificados como Exipcios por Sandoval, e como unha mestura de Gregos, Exipcios e Hebros por Porreño) cos poboadores anteriores e cos Gregos que virían despois con Diomedes, logo do remate da guerra de Troia. Ningún destes tres autores mencionaba a Scota, nin ós fillos e descendentes de Gatelo. Nin sequera daban conta dun elemento esencial da lenda: a conquista de Irlanda polos Escotos asentados en Galiza. Sandoval, Castellá e Porreño coincidían en rexeitaren a identificación de Brigancia, a cidade fundada polo príncipe ateniense, coa actual Compostela (identificación que si estaba presente nas

fontes escocesas e no propio Pineda)<sup>3</sup>. Porén non había unanimidade entre eles á hora de localizar a antiga Brigancia. Sandoval semellaba preferir A Coruña, ó igual ca Castellá, namentres que Porreño optaba por Betanzos.

A respecto das fontes empregadas por eles, Castellá e Porreño usaban a Pineda; pola súa vez Sandoval citaba como autoridade a «*Iuan Lesleo Obispo Rosense*», é dicir John Leslie, bispo de Ross en Escocia, e autor do *De Origine Moribus et Rebus Gestis Scotorum* (1578). Resultaba disto que os tres remitían, á derradeira, a unha mesma fonte orixinal: a *Scotorum Historiae a prima gentis origine*, de Hector Boece, a quen seguían tanto Leslie como Pineda. Mais as breves mencións á lenda de Gatelo que se atopaban nos tres historiadores de Galiza pouco partido tiraban do relato que fora amplamente desenvolvido cen anos antes polo cronista escocés.

Contra os anos centrais da centuria obsérvase unha ampliación da lenda: a historia desenvólvese asemade se estreitan os seus vencellos co relato acerca da antiga Historia de Galiza que se viñera artellando dende finais da Idade Media. ¿Responsables? Os famosos irmáns Boán —Juan Francisco Fernández de Boán e Araújo, e Pedro Fernández de Boán e Landecho—, autores (é difícil determinar as responsabilidades de cada un deles) dunha *Historia de Galicia* e da nomeada falsificación coñecida como *Cronicón de Don Servando*, atribuído a un ficticio bispo de Ourense do século VIII (cf. SOUTO CABO, 1996). Os irmáns Boán, pescudadores incansables das «grandezas» de Galiza e da súa propia liñaxe familiar, sen dúbida viron na figura de Gatelo a oportunidade de reivindicar unha nova honra para o Reino, e por ese motivo introduciron no seu devir histórico a fábula do príncipe ateniense casado coa filla do Faraón exipcio, e que finalmente se convertía en rei da Galiza e no fundador da cidade de Brigancia.

Isto era o que contaban os Boán na súa *Historia de Galicia*, e o que, máis brevemente, incluían no *Cronicón de Don Servando*. As fontes nas que se baseaban eran Pineda, e quizais o propio Hector Boece. Pero cómpre sinalar que no *Cronicón de Don Servando* a lenda modificábase lixeiramente para lle dar unha «fasquía medieval», de acordo coa intención dos Boán de facer pasar a súa falsificación por un documento medieval auténtico (estratexia na que se incluía tamén o uso dun idioma galego que se pretendía «arcaico»). Neste sentido a fábula de Gatelo mesturábase con algunhas noticias tiradas da *Estoria de Espanna* de Afonso X (século XIII); e así Gatelo presentábase como o xefe dos

---

<sup>3</sup> Nin na *Scalacronica* de Thomas Gray, nin na *Chronica Gentis Scotorum* de Fordun, aparecía Brigancia identificada con Compostela. Tampouco se dicía que esa cidade estivese en Galiza (só se localizaba en España). Xulgando polos datos que posuímos, a primeira vez que se equiparou Brigancia con Compostela no contexto da lenda de Gatelo foi na crónica de Andrew de Wyntoun (na primeira metade do XV); estando presente máis tarde en Hector Boece e en John Leslie. Hai anos Guerra Campos amosou como a *Brigantium* das fontes clásicas se adoitaba asimilar con Compostela a partir do século XV. Guerra Campos atribuíu esa confusión á identificación da cidade de máis sona da Galiza de entón, coa poboación máis nomeada da antiga *Gallaecia*; confusión polo demais favorecida ó se pensar que Compostela era unha vila costeira (cf. Guerra Campos, 1964).



Galesios ou Galeses que na crónica do rei castelán aparecían fundando o Porto dos Galeses —o *Portogalo* dos Boán e o *Porto Gathelus* de Hector Boece— nas terras de Galiza situadas entre os ríos Douro e Miño, cidade que logo sería o xérmolo do futuro Portugal.

Aínda hai que salientar outras tres peculiaridades no emprego da historia de Gatelo por parte dos Boán. A primeira era que eles aceptaban a identificación de Brigancia con Compostela; e máis concretamente co lugar de San Fiz de Solovio, onde se erguía o forte castelo de *Flavium Brigantium* ou Faro Brigantino. A segunda era que os Boán facían descender de Gatelo a liñaxe galega dos Gato, descendencia que era descoñecida tanto nas xenaloxías galegas anteriores como nos autores escoceses. E a terceira característica era que con eles aparecía por primeira vez na Historia de Galiza o motivo da «pedra da coroación», motivo tan frecuente nas historias escocesas e irlandesas. Sen embargo a pedra encol da cal sentaba o rei Gatelo na *Historia de Galicia* dos Boán non servía para as cerimoniais de coroación dos monarcas escotos, senón que era o lugar dende o cal Gatelo xulgaba os preitos do seu pobo<sup>4</sup>.

Os Boán, malia a ampliaren considerablemente a lenda a respecto dos seus predecesores, seguiron porén sen incluír na mesma as colonizacións de Irlanda e de Escocia polos descendentes de Gatelo. Estas aventuras non aparecerán recollidas na historiografía galega ata despois de 1650.

As primeiras noticias que delas conservamos incluíanse no *Compendio de los Annales de Galicia* de Joseph de Bugarín (ou Vugarín), redixidos no 1655, sendo un resumo dos seus perdidos *Annales del Reyno de Galicia*. O *Compendio* conservaba soamente o título dos capítulos recollidos nos catro volumes que daban corpo ós *Annales*, e entre eses capítulos áchanse os seguintes referentes á lenda de Gatelo: «*Principado de Ghatelio en Galicia y sus descendientes en Escocia...*», «*Poblacion de Irlanda y Escocia por Capitanes Gallegos*» e «*Los Yrlandeses, escoceses y yngleses descenden de Galicia*»... De xulgarmos polos títulos devanditos resulta posible pensar que Bugarín xa recollía completa a historia de Gatelo, tal e como a relataran no século XVI Boece e Leslie; é dicir, cos descendentes de Gatelo fundando novos Reinos en Irlanda e en Escocia. Non se coñecen os autores ós que seguía Bugarín; mais seguramente os seus datos derivaban de Hector Boece, quizais a través de Pineda. Tampouco el aceptaba a equiparación de Brigancia con Compostela, optando en troques por facer de

---

<sup>4</sup> As tradicións irlandesas falaban da *Lia Fail* ou «Pedra do Destino», levada á illa polos Tuatha Dé Danann, e encol da cal se coroaban os reis de Éire na súa capital de Tara. Díciase tamén que a pedra berraba baixo os pés do monarca auténtico. De Irlanda a tradición da «pedra da coroación» pasou ás veciñas terras escocesas coas xentes gaélicas de Dal Riada, e despois do Reino de Escocia. A primeira mención ó uso dunha «pedra da coroación» nas cerimoniais da monarquía escocesa atópase na crónica de Fordun, referida ó rei Alexandre III no século XIII. O motivo da «pedra da coroación» está presente na lenda de Gatelo dende finais da mesma centuria: trátase da «pedra de Scone» (denominación que levaba polo nome da abadía escocesa onde se gardaba) ou «pedra do fado», que se dicía fora levada por Gatelo dende Exipto ata Galiza, e da cal dependía o futuro do Reino de Escocia (cf. Gerber, 1997).

Brigancia a moderna cidade da Coruña, e fundación non de Gatelo senón doutro persoeiro mítico da nosa Historia: o rei Brigo.

Non se pode dicir máis da recepción da lenda por parte de Bugarín ó non conservarmos a súa obra completa. Sen embargo si que é posible dexergar algo da súa influencia entre os escritores galegos coetáneos. Era o caso do *Compendio Historial* de Pedro de Santa María e Ulloa (1660), quen citaba precisamente a Bugarín como autoridade verbo da historia de Gatelo. Preocupado como estaba Santa María e Ulloa por darlle a Galiza o meirande número posible de «*Santos Varones y Matronas Ilustres*», os seus breves comentarios sobre Gatelo aparecían cando el reclamaba unha orixe galega para as Once Mil Virxes e para o emperador Constantino —ós cales unha tradición facía naturais da illa de Britania—, asegurando para iso que os descendentes de Gatelo pasaran dende Galiza a poboar Irlanda e maila illa de Britania en tempos moi recuados. Con todo, este autor refugaba de xeito explícito algúns dos elementos da lenda: Brigancia era Coruña, e o seu fundador Brigo; o nome de Portugal non procedía de «Porto de Gatelo», como no século XVI dixeran Boece e Leslie, senón da antiga cidade de Cale.

Finalmente, xa nas derradeiras décadas do século, existe un último grupo de autores nas obras dos cales se facía un amplo eco da andaina por Galiza e polas illas británicas de Gatelo e dos seus descendentes, recolléndose case na súa totalidade o relato transmitido dende o XVI por Hector Boece e por John Leslie. Refírome a Benito Vázquez e a Juan Álvarez Soutelo, dous xesuítas ourensáns autores de senllas Historias de Galiza que ficaron manuscritas. Alén de repetiren as coñecidas aventuras de Gatelo e da súa dona Scota en Exipto e posteriormente nas terras galegas —fundación da cidade de Brigancia (que os dous identificaban con Betanzos) e da dinastía real dos Escotos—, Vázquez e Álvarez Soutelo incluíron por primeira vez na historiografía galega a historia de Ibero e Emeco, fillos de Gatelo e conquistadores de Irlanda; o relato de como os Escotos chegados da Galiza «domesticaran» os «salvaxes» indíxenas irlandeses; as andanzas de Metelo (o fillo de Ibero) e dos seus tres fillos, Hermoneo, Ptolomeo e Ibero, reis en Irlanda e na Galiza; a narración de como o nobre galego Simón Breco pasou a Éire para ocupar o trono, e de como, finalmente, os seus descendentes se espallaron pola illa veciña, dando lugar ó Reino de Escocia... Todo isto estaba tirado dos historiadores escoceses devanditos. De feito, Benito Vázquez citaba como fontes a Boece e a Leslie (que probablemente manexara directamente), a carón do sempre presente Juan de Pineda; namentres que Álvarez Soutelo se apoiaba en Pineda e no propio Benito Vázquez, sen que houbera trazas de que empregase as fontes escocesas orixinais.

Os escritos destes dous xesuítas presentaban entre si bastantes trazos comúns, feito que se explica sen dúbida pola dependencia de Álvarez Soutelo a respecto de Vázquez. Ademais de compartiren idéntica procedencia ourensá, os dous xesuítas foron tamén durante un tempo mestres no Colexio da Compañía de Xesús de Compostela: Benito Vázquez foi alí profesor de Artes entre 1651 e 1658,

e Soutelo exerceu como mestre de Gramática entre 1696 e 1700 (RIVERA VÁZQUEZ, 1989). O primeiro redixiu a súa *Historia de Galicia* no tempo que exerceu en Compostela; mentres que o segundo escribiu a súa obra entre os derradeiros anos do século XVII e os primeiros da centuria seguinte, cando xa era mestre no Colexio dos Xesuitas de Ourense, aproveitando os manuscritos do seu predecesor. Igualmente, resulta moi probable que os dous tivesen impartido aulas no Colexio de Irlandeses de Compostela que por entón estaba rexido polos xesuitas<sup>5</sup>.

Falando agora dos trazos comúns dexergables entre eles verbo da lenda de Gatelo, a primeira coincidencia era que os dous a narraban completa, dende Gatelo ata os primeiros reis escoceses, consonte a versión «canónica» do século XVI. A segunda característica común era que os dous xesuitas engadiron á historia detalles particulares que non se achaban nos historiadores escoceses; engádegas que aparecían nomeadamente baixo a forma de disgresións e de discursos postos na boca dos diversos personaxes da lenda, a xeito de exercicios de retórica moi do gusto da época, que ían inseridos na historia co gallo de diferentes acontecementos (guerras, coroacións reais...) e que tiñan como obxectivo amosaren as virtudes do «bo príncipe», o goberno ideal da «república», ou as «artes» do combate.

Outro trazo compartido por eles era que os feitos dos Escotos revelábanse agora perfectamente inseridos dentro da antiga Historia de Galiza. Gatelo, o seu fillo e o seu neto, aparecían como os primeiros reis «galegos», gobernando logo dos míticos Túbal, Gomer, Xerión e Hércules, e sendo os contemporáneos doutros reis hispánicos, como Hispalo ou Héspero. Outro acontecemento recollido habitualmente na historiografía galega da época —a chegada de colonos gregos procedentes da guerra de Troia— incluía-se a xeito de longo intervalo nas liñaxes dos Escotos, entre os reinados de Metelo e do seu fillo Hermoneo e o intre no que Simón Breco marchaba a Irlanda para se facer cargo do trono da illa. Desta maneira Gatelo e os seus Escotos se convertían en membros de pleno dereito do pasado galego, a carón doutras tradicións históricas aceptadas dende antigo. Con todas elas os dous xesuitas ourensáns argallaron a súa antiga Historia de Galiza,

---

<sup>5</sup> Aproveitando ese vencello co Colexio dos Irlandeses adoito tense sinalado —seguindo unha idea orixinal de Murguía— a Álvarez Soutelo como o introductor do Celtismo na historiografía galega, argumentándose que o xesuita tivo coñecemento das tradicións gaélicas a través dos seus alumnos irlandeses. Sen desbotar a posibilidade de os irlandeses lle indicaren as «semellanzas» entre Galiza e Irlanda (algo que el mesmo confesaba na súa Historia), porén non se lle pode atribuir a Soutelo o principiar do Celtismo galego a partir das lendas irlandesas. E isto por dúas razóns: porque os Celtas xa estiveran presentes nas Historias de Galiza ó longo de todo o século XVII, seguindo a historiografía hispánica das dúas centurias anteriores (cf. Pereira González, no prelo); e porque Soutelo seguía precisamente esa tradición historiográfica española ó falar dos Celtas, non tendo nada que ver co ciclo histórico irlandés. Ademais o xesuita facía referencia ás relacións Galiza-Éire dentro do contexto da lenda de Gatelo, derivada de Boece, e non do *Lebor Gabála Éirenn*. A todo isto hai que engadir que daquela a lenda de Gatelo nada tiña que ver cos Celtas. O mesmo se pode dicir de Benito Vázquez.

dándolle ó país novas glorias gracias á lenda de Gatelo: novos e heroicos monarcas, importante descendencia (unha combinación de Atenas e de Exipto), e conquistas exteriores das cales xurdiron posteriormente famosos Reinos (Irlanda e Escocia).

Aínda queda por subliñar outro elemento común ós dous autores. Neles o tema da «pedra da coroación» adquiría relevo dentro da lenda, en parte seguindo o que da pedra dixeran os historiadores escoceses, pero tamén contendo engádegas propias. A «*pedra fatal*» —denominación derivada da *Saxum Fatale* ou *Lapis Fatalis*, a pedra do fado, que aparecía nas versións latinas de Boece e Leslie— que estaba presente en Vázquez e en Álvarez Soutelo era a pedra encol da cal se coroaran os reis escotos de Galiza dende Gatelo en diante, e que logo foi levada á illa de Irlanda por Simón Breco para continuar alí cos rituais particulares da monarquía escota. Álvarez Soutelo engadía ademais que nesa pedra sentaba Gatelo para xulgar os preitos dos seus súbditos, existindo a crenza de que facendo xustiza encol dela as sentencias habían de ser infalibles. Ata aquí seguíanse as fontes escocesas. Sen embargo os xesuitas galegos arredábanse delas cando aproveitaban o motivo da «pedra da coroación» para desenvolver algo máis a historia, debuxando a figura do rei Gatelo cos trazos do «lexislador arteiro», un personaxe arquetípico de fasquía maquiavélica que se presentaba tirando partido da credulidade e das supersticións do pobo para acadar o poder e se manter nel: e así vemos a un Gatelo que, renarte, comparecía perante a súa xente como se fose un enviado dos deuses (exipcios) para ser o seu monarca, amosándolles a pedra como un obxecto de procedencia divina, á vez símbolo e garante dun poder real sustentado polas divindades. Esa era tamén a razón pola que anos máis tarde Simón Breco levaría canda si a «*pedra fatal*» á illa de Irlanda, representando diante do abraio dos seus novos súbditos a mesma cerimonia —a coroación sobre a pedra— coa que Gatelo encetara en Brigancia a liñaxe dos reis escotos. É por iso que a fabulosa argallada de Gatelo daba pé a Álvarez Soutelo para acusar ó fundador da dinastía escota de ser o introductor da «*idolatría*» en Galiza, do culto dos falsos deuses exipcios, pois antes da súa chegada os poboadores de Galiza, descendentes de Gomer (o neto de Noé), conservaran a relixión pura transmitida por Deus á primeira humanidade.

É de salientar aquí que o motivo da «pedra da coroación», tal e como estaba presente nestes dous autores galegos, difería do significado que posuía nas Historias de Escocia. Para os cronistas escoceses a «pedra do fado» era, sobre todo, un obxecto que garantía a continuidade do Reino: dende a *Chronica Gentis Scotorum* de John de Fordun (século XIV), todos repetirían a mesma profecía que agoiraba a existencia da monarquía escocesa namentres se conservase a pedra dentro do seu territorio —de aí o seu nome de «pedra do fado», e de aí o acto simbólico do rei inglés Edward I cando, o ano 1296, se apoderou da pedra (depositada ata entón no mosteiro escocés de Scone) para levala a Inglaterra, onde aínda se conserva hoxe dentro da chamada «Cadeira da Coroación» na abadía de Westminster. Para os dous historiadores galegos, sen embargo, a pedra

era un obxecto sagrado, aínda que pagán e supersticioso, e un símbolo que reforzaba o poder dos reis da Galiza, e non se facía nunca mención do destino da pedra unha vez fóra das terras galegas.

Benito Vázquez e Juan Álvarez Soutelo cerraban así o século XVII, o de maior presenza da lenda de Gatelo na historiografía galega. Aínda así esa presenza foi moi secundaria durante boa parte da centuria, acadando relevo soamente contra o final da mesma gracias ós dous xesuitas ourensáns, e (en menor medida) gracias ós irmáns Boán e a Bugarín (dá a casualidade que os escritos de todos eles ficaron manuscritos ou desapareceron). Noutras obras de carácter histórico que foron escritas durante ese período non había trazas da lenda: nas de Gerónimo del Hoyo, Hernando de Oxea, Felipe Gándara e Ulloa, Pedro Valdés Feixoo, Antonio Rodríguez de Nóvoa, Juan Pallares Gayoso... A isto engádese que Gatelo estaba practicamente ausente no resto da historiografía hispánica do XVII, agás unhas breves (e negativas) referencias na *Poblacion General de España* (1645) do portugués Rodrigo Méndez Silva. Co paso do tempo a figura de Gatelo farase cada vez máis excéntrica, e axiña será desbotado como personaxe real unha vez que se imponían novas esixencias á hora de escribir a Historia.

#### 4. O DEVALO DA LENDA (S. XVIII E XIX)

Nas dúas centurias seguintes a presenza de Gatelo na historiografía galega reduciuse drasticamente. Unicamente un autor, o franciscano Jacobo de Castro no ano 1722, fixo de Gatelo un personaxe real, sen dúbida por necesidade das súas argumentacións históricas: encargado de escribir a historia da provincia franciscana de Santiago de Compostela, Castro incluía dentro da mesma a illa de Irlanda; obrigado a presentar testemuños históricos dos vencellos entre as dúas terras, o franciscano relatava de xeito moi breve a historia de Gatelo e contaba como o fillo deste, Hybero, pasara a poboar a illa que en diante levaría o seu nome, Hyberia ou Hybernia, logo Irlanda; para rematar sinalando que así como no pasado marcharan dende a cidade de Compostela os Galegos a carón de Hybero para colonizaren Irlanda, centos de anos máis tarde os Franciscanos saírían de Compostela co obxectivo de predicaren na mesma illa. Como curiosidade, Castro contaba que o rei Gatelo, para ser máis temido e respectado polos seus, fixera un trono de pedra, e «*dezia que aquela pedra estaba hadada por los Dioses; que de ella dependia la conservacion de su Corona, y la de quantas deseassen semejante fortuna*» (p. 40). Por este motivo o seu fillo Hybero trasladara a pedra a Irlanda ó encetar alí o seu dominio.

E iso era todo canto á andaina de Gatelo como figura histórica. Soamente rexurdirá máis unha vez a finais do século —nunha *Geanologia analictica* (sic) de *los Antiguos Regulos de Galicia* atribuída a Bernardo Herbella de Puga—, mais agora confundido con outro persoeiro fabuloso da antiga Historia de Galiza: o «regulo» ou gobernador romano Catelio, fundador de Baiona e pai das Nove

Virxes, famosas nos Breviarios e Martiroloxios da Igrexa peninsular. O motivo da confusión, alén da semellanza dos dous nomes (Gatelo/Catelio), debeuse a que o autor atribuiu ó romano Catelio a fundación da vila do Porto, *Porta Cateli*, o *Portus Gathelus* que citaban Boecio e Leslie.

O resto da fortuna da lenda de Gatelo no século XVIII estaba constituído de negacións explícitas e de grandes silencios.

Negacións como as de Francisco Xavier Huerta e Vega, Antonio Rioboo Seixas, ou Henrique Flórez. O primeiro, nos seus *Anales del Reyno de Galicia*, rexeitaba a presenza do príncipe ateniense en terras galegas, e mesmo negaba a súa existencia histórica apoiándose en argumentos eruditos: Compostela non é a antiga Brigancia; o nome de Portugal non derivaba de Porto de Gatelo; os personaxes de Gatelo e de Scota non aparecían citados por ningún escritor da Antigüidade... Como Cronista do Reino, o desexo de Huerta era o de eliminar tódalas fábulas que «lixaban» a Historia de Galiza; entre elas a de Gatelo, pero tamén a das cidades fundadas polos heroes gregos, as monarquías hispánicas inventadas por Annio de Viterbo, ou as mentiras dos «falsos cronicóns». Por este motivo el comezaba os *Anales del Reyno de Galicia* a partir da chegada dos Romanos, evitando así as épocas anteriores que xulgaba mergulladas nas tebras e inzadas de fábulas (épocas que sen embargo trataría, de xeito non menos fabuloso, na súa criticada *España Primitiva*).

Huerta coidaba que o Reino de Galiza non precisaba dese tipo de historias fabulosas para reivindicar e presentar as súas «auténticas glorias». Glorias entre as cales el contaba sen dubidar (como outros moitos historiadores que non facían mención de Gatelo) os poboamentos que nas illas británicas levaran a cabo os antigos Galegos, nomeadamente os Brigantes e os lernos —pobos que os escritores clásicos contaran entre os habitantes da Gallaecia—, os cales deixaran pegadas na toponimia e nos xentilicios das illas: os Brigantes de Britania; o río lerne en Irlanda; e mesmo lerne, o primitivo nome de Éire...

Antonio Rioboo Seixas tampouco non cría que os nomes de Galiza e de Portugal derivasen de «*Gatelo Atheniense*», nin que o mesmo personaxe fundase Brigancia (Betanzos) e Porto. Pola súa vez o agostiño Henrique Flórez, na súa importante *España Sagrada*, negaba en dúas ocasións a veracidade da historia: non era certo que Gatelo (el escribía erroneamente Galateo) fundase Brigancia (A Coruña); nin que a el se debese a erección da cidade do Porto, a suposta Porto de Gatelo.

Os grandes silencios áchanse nos escritos de Martín Sarmiento, de Joseph Cornide, de Juan Sobreira... Todos eles foron eruditos sobranceiros que quixeron escribir a Historia dunha maneira moi diferente á dos seus predecesores, enxeitando para iso as fábulas e lendas históricas que ata entón viñeran configurando a Historia Antiga de Galiza e de España, asemade se baseaban soamente naqueles documentos que eles coidaban seguros: os escritores máis fiables da Antigüidade, manuscritos auténticos, datos lingüísticos, moedas e medallas, inscricións e incluso certos restos arqueolóxicos. Estas novas esixencias á hora

de concibir a Historia afectaron profundamente á produción historiográfica da época (galega, española e europea en xeral), de xeito que mesmo aqueles que aínda non se liberaran totalmente dos métodos e dos argumentos históricos tradicionais —como era o caso de Huerta ou de Rioboo Seixas— pretenderon sen embargo axeitar no posible os seus traballos ás normas impostas polo novo espírito crítico.

Xulgando polos silencios de Sarmiento, Cornide ou Sobreira, estaba claro que para eles a lenda de Gatelo non podía ter un lugar na nova Historia de Galiza que se estaba a construír, ceibada xa dos atrancos impostos polas fábulas do pasado que foran creadas pola ignorancia e polos prexuízos duns tempos menos ilustrados. Neste sentido a figura de Gatelo, que era case un recién chegado na historiografía galega, non puido resistir os embates da crítica e como consecuencia disto xa no século XVIII esvaérase case por completo do escenario histórico galego, a diferenza doutros persoeiros míticos que contaban cunha tradición máis longa na nosa historiografía —Túbal, Gomer, Hércules, Brigo— e que souberon resistir mellor o paso do tempo, achándose presentes en historiadores do XVIII (mesmo naqueles que refugaban a Gatelo) e chegando ás veces ás Historias da centuria seguinte.

Pero no século XIX a partida de Gatelo xa estaba perdida sen remedio. Poucas persoas houbo que lembraron a súa historia e a dos seus descendentes, noutrora fachendosos conquistadores de Irlanda e poboadores de Escocia. E cando se lembrou, facíase case despectivamente, coa intención de esquecer os erros das antigas xeracións de historiadores. Algúns, como Claudio González Zúñiga —autor dunha *Historia de Pontevedra* (1846)— evocaron as vellas etimoloxías que pretendían facer derivar o nome de Galiza dun tal Galeto (sic), fillo dun rei de Atenas, teoría que semellaba tan ridícula como aquela que o facía vir de Galacto, o fillo de Hércules; outros recordaron as vellas historias que falaban de como os Exipcios construíran a cidade da Brigancia... En calquera caso durante a primeira metade do século ninguén pareceu darlle creto ás fábulas recollidas douscentos anos antes polos escritores que xa coñecemos.

A situación mudou un pouco a partir da segunda metade do XIX. Produciuse entón unha tímida revalorización da lenda. Se ata entón as aventuras do rei dos Escotos se ollaran unicamente como unha simple fábula, sen base histórica algunha, e foran esquecidas como vestixio molesto dunha historiografía xa superada; nas últimas décadas do século uns poucos autores estiveron dispostos a consideralas dende unha nova perspectiva: como unha lenda histórica, certamente non verdadeira, da cal porén se podería tirar algún beneficio para a Historia, aproveitando algunhas informacións que, logo de pasaren pola peneira das novas metodoloxías e teorías históricas (Arqueoloxía incluída), deberían deitar certas luces na escuridade da Prehistoria e da Historia Antiga do país.

Cómpre salientar que non era novo este ollar a fábula de Gatelo na procura de certezas históricas, cando menos entre os escritores escoceses. Así xa no século XVI John Mair e George Buchanan, namentres negaban que Gatelo e os seus

descendentes fosen personaxes históricos, afirmaban que a única noticia certa que contiña a lenda era o feito de os Escoceses orixinais (gaélicos) proviren de Irlanda, e de que os Irlandeses poboaran a illa de Éire dende a Península Ibérica. Tampouco era novo na historiografía peninsular o pescudar a verdade histórica baixo as roupaxes fabulosas de mitos e de lendas. Lémbrense as teses *evemeristas*, tan en voga dende a fin da Antigüidade, que pretendían explicar os deuses e os heroes pagáns como se fosen seres humanos auténticos e históricos elevados á categoría de divindades polas súas fazañas e beneficios conferidos ó resto da humanidade. O exemplo da figura de Hércules na historiografía hispánica é ben coñecido a este respecto.

O certo é que no século XIX foron moitos os que en Galiza se debruzaron sobre as antigas lendas —a miúdo investidas de novos significados consonte os avances da Historia, da Arqueoloxía e da Antropoloxía— buscando novas respostas á multitude de interrogantes que lles plantexaba o pasado do país, visto que agora xa non servían moitas das solucións que se ofreceran con anterioridade. E así veremos a un Manuel Murguía facendo unha eséxese mitolóxica e celtista da lenda xacobeá, ou empregando as tradicións irlandesas sobre Breogán para demostrar o ben fundado do seu Celtismo... por citar só dous dos exemplos máis significativos, entre unha escolma moi ampla, dese novo uso dos mitos e das tradicións por parte dos historiadores e dos *anticuarios* galegos do XIX.

Voltando agora á lenda de Gatelo, temos un exemplo dese novo achegamento en José de Santiago Gómez, quen na súa *Historia de Vigo* (1896) tirou partido dela para amosar a veracidade da presenza dos Fenicios nas costas galegas, facendo de Gatelo un príncipe fenicio que se asentara no litoral coruñés contra o ano 1600 antes da nosa era, «según lo confirman varios historiadores» (p. 67), que sen embargo el non citaba, e sen que dese máis probas ó respecto.

Os estudos arqueolóxicos referidos ás lonxíncuas épocas prehistóricas do país tamén souberon tirar proveito dun dos motivos propios da fábula de Gatelo: a famosa «pedra do fado» ou «pedra da coroación» da monarquía dos Escotos, convertida agora, gracias ó desenvolvemento durante o XIX da Arqueoloxía prehistórica e da Antropoloxía, nun antergo monumento vencellado cos rituais de relixións primitivas. Foi así que dous senlleiros representantes da Arqueoloxía galega do XIX, José Villaamil e Castro e Manuel Murguía, fixeron da lendaria «pedra do fado» un testemuño da *litolatría* prehistórica. Primeiro foi Villaamil e Castro, nas súas *Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia* (1873), quen ó falar do primitivo culto ás pedras manifestado no fenómeno do Megalitismo sinalaba algúns vestixios de *litolatría* dexergables a través de certos monumentos prehistóricos galegos, e tamén dalgunhas tradicións históricas: caso sobranceiro o da pedra-trono do rei Gatelo, á cal, consonte a tradición, se lle atribuíu un poder emanado dos deuses que garantía a conservación do Reino. E Villaamil relacionaba estas características da pedra lendaria cos cultos solares. Pola súa banda, Manuel Murguía relacionaba igualmente a «pedra da coroación» cos monumentos megalíticos, nomeadamente con aquelas pedras ás que el cría posible atribuir un



primitivo significado relixioso —como eran os denominados «altares naturais», ou as penas con forma de cadeira. Ó igual que fixera Villaamil, el tamén coidaba posible rastrexar a existencia dunha moi antiga *litolatría* galega amosada non só a través dos restos arqueolóxicos —aqueles grandes penedos que presentaban características peculiares— senón tamén gracias ás tradicións galegas, tanto as populares como as eruditas. Como mostra das últimas eis a lenda do «*fabuloso Gatelo*», de quen se dicía fixera o seu trono nun penedo para lograr o acatamento do seu pobo; motivo que sen dúbida lembraba o respecto e maila adoración con que a humanidade primitiva ollara certas pedras.

Canto ás fontes que empregaban ó falaren da «pedra da coroación», tanto Villaamil como Murguía citaban como única referencia o *Arbol Chronologico de la Santa Provincia de Santiago* de Jacobo de Castro, e os dous repetían as mesmas verbas do franciscano referentes á pedra fadada polos deuses e garante da conservación da coroa de Gatelo e dos seus herdeiros.

Isto foi todo o que deu de si a lenda de Gatelo durante o XIX. Pouca cousa, se temos en conta a abondosa produción histórica galega nese tempo. No que resta deste apartado é a miña intención reflexionar brevemente acerca da súa fortuna durante os dous séculos que veño de analizar.

En primeiro lugar, resulta evidente que a causa do devalo da lenda de Gatelo na historiografía de entón foi a propia evolución desta última, co refugamento daquelas fábulas que xa non podían achar un lugar nunha Historia que se pretendía escribir con rigorosidade e de acordo coas esixencias dunha nova erudición. Moitos foron os autores que no século XVIII se negaron a mergullarse nos tempos históricos máis antigos, por consideraren que nada se podía dicir con certidume verbo deles, dada a inexistencia de informacións seguras. Por iso *anticuarios* senlleiros como Sarmiento ou Cornide se centraron case exclusivamente no período romano. Non sería ata a centuria seguinte, por mor do xurdir de novas teorías e da disposición de novos datos, que se abriron novas perspectivas ó pasado galego, nomeadamente a través do Celtismo.

En relación co Celtismo galego do século XIX resulta interesante salientar o curioso paradoxo de que a lenda de Gatelo, orixinada precisamente nas tradicións «celtas» que daquela se reivindicaban, nunca se interpretou entón dende unha perspectiva celtista. Paradoxo porque, a fin de contas, a súa historia presentaba ós Galegos como poboadores e colonizadores de Éire e de Escocia, terras que o Celtismo decimonónico incluía dentro dos pobos celtas. Pola contra outras tradicións históricas que tamén falaban das viaxes dos antigos Galaicos ás illas británicas —quer estivesen xa presentes na historiografía galega anterior (como a de Brigo, ou as viaxes dos Brigantes e dos lernos), quer fosen recén adoptadas por ela (como a de Breogán, que entra nas Historias de Galiza na segunda metade do XIX)— si que foron utilizadas polos celtistas galegos para demostraren a orixe céltica dos Galegos, así como os seus vencellos raciais e culturais cos «irmáns celtas» das devanditas illas. Neste respecto é ben coñecido o papel xogado polo personaxe de Breogán como símbolo do Celtismo galego no decurso da segunda

metade do XIX e das primeiras décadas do XX. Nada diso aconteceu con Gatelo, a quen, visto as orixes da súa lenda e a súa presenza na Historia galega moito antes de Breogán, poderíamos sinalar con toda xustiza como «precursor» deste último.

Xa que logo, ¿a que se debeu ese descoñecemento ou ese desleixo da lenda de Gatelo por parte dos celtistas galegos? Debo confesar que non resulta doado contestar a esta pregunta, dada a case total inexistencia de comentarios verbo de Gatelo durante o XIX. Limitareime por iso a suxerir sucintamente algunhas das causas que eu coído posibles: 1º, nalgúns casos a falla de familiaridade coa historiografía anterior (aínda que este non era o caso de Manuel Murguía, principal artífice do Celtismo decimonónico); 2º, o difícil acceso a algunhas obras do XVII nas que se contaban as aventuras de Gatelo —os manuscritos de Porreño, Boán, Vázquez e Álvarez Soutelo—, ou ben as referencias moi breves que se atopaban naquelas máis accesibles (Sandoval, Castellá Ferrer e Castro); 3º, o rexeitamento das mesmas como simples fábulas (Huerta, Flórez), e tamén o desprestixio no que caera por entón boa parte da produción histórica do século XVII; 4º, a preferencia dos autores decimonónicos por probas a prol do Celtismo que eles coidaban máis seguras e máis acordes coa metodoloxía histórica contemporánea (probas arqueolóxicas, lingüísticas ou etnográficas); 5º, o feito de non existir unha relación directa da historia de Gatelo coas tradicións celtas (cf. as conclusións finais deste artigo); e 6º, a popularidade de Breogán nas derradeiras décadas do XIX.

A lenda de Breogán interpretábase dende un punto de vista histórico, considerándoa como un reflexo ou lembranza de feitos acontecidos realmente —o poboamento de Irlanda por xentes celtas saídas das terras galegas na máis remota antigüidade— mesmo se non se aceptaba a historicidade dos protagonistas do relato tradicional (Breogán, Ith, os Milesianos). A antigüidade que se lle recoñecía á fábula de Breogán, presente nas tradicións celtas irlandesas dende o principiar da Idade Media, e esa esvaída lembranza que se lle supuña de antergos acontecementos históricos, viñan dar azos ás pretensións dos celtistas galegos. Pola contra, a lenda de Gatelo non tiña para eles unha orixe clara, e non era doado tracexar a súa andaina na tradición gaélica e nas fontes escocesas antigas, as cales eran descoñecidas polos celtistas galegos e estaban fóra do seu alcance. Neste sentido débese salientar que ningún deles foi quen de recoñecer os paralelismos que existían entre a historia de Gatelo e as tradicións gaélicas das cales derivaba<sup>6</sup>. Así as fazañas de Gatelo e dos seus descendentes, colonizadores

---

<sup>6</sup> Para ser xustos con Manuel Murguía, cómpre recoñecer que el si soubo albiscar eses paralelismos. Aínda que non o dixo claramente nos seus escritos publicados, hai algúns datos que semellan confirmalo. Así no exemplar de *Le Cycle Mythologique Irlandaise et la Mythologie Celtique*, de Henri d'Arbois de Jubainville, que pertencera a Murguía (e que hoxe se atopa na *Real Academia Galega*) consérvase unha nota coa súa letra na que se pode ler o seguinte en relación á lenda de Breogán e da conquista de Éire polos Milesianos: «emigracion a Ingi. (sic). Milesianos. Gadelus ó Gathelus (...) vid. Sotelo toda la parte antigua». El lera o manuscrito da *Historia General del Reyno de Galicia* de Álvarez Soutelo e coidou que a lenda de Gatelo podía confirmar a de Breogán. Mais non tirou partido da primeira, nin identificou a Gatelo cos personaxes do *Lebor Gabála Érenn*.

de Irlanda e de Escocia, pasaron desapercibidas para os pioneiros do Celtismo galego, nun tempo no que se procuraban con urxencia eles que unisen a Galiza cos outros «países celtas».

Mais aínda non remata aquí, a finais do XIX, o percorrido de Gatelo pola Historia galega. Nin se deu cabo tampouco ós paradoxos da súa fortuna. Volveremos atopar o noso persoeiro nas primeiras décadas do século XX.

## 5. GATELO NO SÉCULO XX

O principal responsable do relativo rexurdir da lenda de Gatelo a comezos desta centuria foi Federico Maciñeira, a figura máis sobranceira da arqueoloxía galega deses días, verdadeira ponte entre os historiadores e arqueólogos do XIX e as novas xeracións nucleadas ó redor do *Seminario de Estudos Galegos*. Maciñeira tratou de Gatelo e da súa historia en distintas ocasións ó longo da súa vida, tanto en escritos xornalísticos de popularización como a través de artigos e de monografías eruditas de temática histórica e arqueolóxica (cf. a bibliografía ó final deste traballo).

Evidentemente Maciñeira xa non admitía a lenda de Gatelo como unha historia verdadeira. Nembargantes, como xa fixeran outros antes ca el, non desbotaba totalmente o relato fabuloso do príncipe grego, xa que el coidaba poder enxegar entre a bouza lendaria do mesmo unha cerna de veracidade histórica que constituía unha valiosa información á hora de investigar o pasado galego.

Por unha banda el centraba a súa atención na mítica «pedra da coroación», e cría que esta se trataba dun auténtico vestixio prehistórico, como xa fixeran antes José Villaamil e Manuel Murguía. Facéndose eco das teorías do arqueólogo británico John Henry Rivett Carnac —quen publicara un traballo sobre a lenda de Gatelo e a «pedra da coroación» no *Boletín de la Academia de la Historia* en 1902— Maciñeira afirmaba que a devandita pedra, que se conservaba na abadía de Westminster en Londres, era o fragmento dun resto prehistórico orixinal de meirande tamaño, un penedo con *petroglifos*, e relacionaba a concavidade circular que se podía apreciar na superficie da pedra de Westminster coas «*cazoletas*» (corgos ou coviñas) tan frecuentes nos *petroglifos* de Europa e de Asia. Rivett Carnac interpretara estes como os caracteres dunha primitiva escritura, que el denominaba «escritura hemisférica», pertencente ós períodos do Neolítico e da Idade do Bronce, concluíndo o arqueólogo británico (e con el Maciñeira) que a pedra do fabuloso Gatelo fora noutrora soporte dese arcaico alfabeto. Durante varios anos Maciñeira teimará en interpretar os *petroglifos*, e entre eles os da «pedra da coroación» e diversos exemplares de *petroglifos* galegos, en termos da «escritura hemisférica» de Rivett Carnac. Mais co paso dos anos e unha vez esvaída esa teoría, o arqueólogo galego remataría por evitar calquera referencia á mesma, aínda que continuase a ollar a «pedra do fado» como o anaco xebrado dun *petroglifo* prehistórico.

Pero sobre todo a lenda de Gatelo era para el unha xanela aberta á Prehistoria e á Protohistoria galegas. Era unha tradición que confirmaba anterigos acontecementos históricos descubertos pola Arqueoloxía, e concretamente polas súas propias investigacións arqueolóxicas realizadas na bisbarra de Ortigueira. A viaxe do príncipe grego Gatelo —que el denominaba Haythekes, consonte o fixera Rivett Carnac, autor de quen tiraba o relato da lenda— dende Exipto ata a Península Ibérica; o seu asentamento no Norte da Galiza; e as colonizacións de Éire e de Escocia polos seus descendentes (Simón Brec e Fergus)... eran fábulas que para Maciñeira reflectían a verdade histórica das migracións da «raza ibérica» ou «libio-ibérica», no seu aboiar dende Oriente ata as illas británicas durante a Prehistoria europea.

Cómpre salientar que foi Maciñeira o primeiro autor galego que sinalou explicitamente o paralelismo existente entre as lendas de Gatelo e de Breogán. Incluso Maciñeira acabará por confundir e mesturar as dúas historias, narrando como a «pedra da coroación» era unha posesión dos reis brigantinos da xinea de Breogán. Aínda que non chegou á conclusión de que as dúas compartían idéntica orixe nas tradicións gaélicas. En troques el explicaba o paralelismo invocando a súa xénese diferenciada a partir duns fenómenos históricos á vez semellantes e diversos, dos cales as dúas se convertían en lembranza e testemuño: as múltiples relacións atlánticas establecidas dende a Prehistoria entre Galiza e as illas británicas. Como Murguía, e ó igual ca outros celtistas galegos anteriores e posteriores, Maciñeira sostiña que a lenda de Breogán era unha proba sólida a prol desas relacións atlánticas; e o mesmo cumpría dicir agora da historia de Gatelo. Mais malia a esta seguridade Maciñeira (quen non se caracterizaba por ser un valedor do Celtismo) non deu unha interpretación celtista de ningunha das dúas. Na súa opinión, a fábula de Breogán reflectía as navegacións históricas dos mercaderes do Mediterráneo (Tartesios, Fenicios, Púnicos) dentro dos roteiros comerciais que abranguían Portugal, Galiza, Bretaña, Inglaterra, Cornualles e Irlanda, con «factorías» localizadas nas costas galegas, como Brigancia (A Coruña) e Bares, a xeito de fitos senlleiros do roteiro. Canto á lenda de Gatelo, esta convertíase nos seus escritos na lembranza das migracións da «raza íbera», dende Oriente ata a Iberia, e dende as costas galegas ata a illa de Irlanda; ou ben, noutras ocasións, no testemuño de antigas viaxes dos navegantes mediterráneos.

No ronsel deixado polas opinións de Federico Maciñeira aínda será posible dar conta doutras aparicións de Gatelo a comezos da centuria. Por exemplo na *Galicia Antigua* (1904) de Celso García de la Riega, onde se repetían as teses de Maciñeira e de Rivett Carnac acerca da existencia de vestixios da primitiva «escritura hemisférica» na «pedra da coroación» depositada na abadía londinense. Na mesma obra o autor, un coñecido anti-celtista e adversario de Manuel Murguía, era quen de dexergar as semellanzas existentes entre Gatelo e as tradicións irlandesas, mesmo identificando a Simón Brec —que na Historia escocesa levaba a «pedra do fado» de Galiza a Irlanda— con Breogán. Pero, máis unha vez, nada había de Celtismo nisto. Para García de la Riega esa fábula histórica era unha

lembranza das migracións de pobos orientais (caldeo-fenicios) cara á Península Ibérica, e despois ás illas británicas.

Anos máis tarde, Celestino García Romero —nun artigo publicado no *Boletín de la Real Academia Gallega* en 1925— coincidía con Maciñeira na realidade das relacións entre Galiza e as illas británicas, e presentaba como proba delas, alén de coincidencias lingüísticas dunha banda e doutra do Atlántico, a lenda de Gatelo, esta vez narrada seguindo a *Historia de Galicia* de Benito Vázquez escrita case trescentos anos antes. No traballo de García Romero facíase patente polo demais non só a súa intención de subliñar o valor histórico da lenda do príncipe ateniense, senón tamén o seu desexo de reivindicar o labor erudito do xesuita ourensán — a quen García Romero se encargara de presentar ós lectores do *Boletín* dous anos antes. As súas verbas son, neste sentido, ben elocuentes: «no saca [Benito Vázquez] estas noticias de nuestros falsos cronicones, sino de los historiadores ingleses que cita varias veces al escribir esta historia de los antiguos tiempos gallegos y de sus reyes» (GARCÍA ROMERO, 1925: 41). Na súa opinión, a historia de Gatelo era tan verídica como os vestixios arqueolóxicos descubertos por Maciñeira nas súas terras de Ortigueira, que igualmente falaban de xeito elocuente desas relacións atlánticas. Porén, tampouco para García Romero os vencellos atlánticos, e o propio personaxe de Gatelo, acadaban o seu significado dentro dunha explicación celtista. Para el tratábase das colonizacións levadas a cabo polos «Galegos» (sen outros cualificativos étnicos), os cales levaran a Irlanda e a Inglaterra unha civilización que era moi superior á que daquela posuían os indíxenas das illas, como xa ben indicara o propio Benito Vázquez cando revelara como os reis dos Escotos de Galiza «domesticaran» ós primitivos aborixes irlandeses.

Logo do uso que dela fixeran Federico Maciñeira e os seus seguidores, a lenda de Gatelo semella que non deixou máis pegadas na Historia e na Arqueoloxía galegas ata o día de hoxe. En diante as poucas mencións que se atopan han presentar unha faciana meramente historiográfica, recollidas en traballos consagrados a dar conta de como se facía e se concibía a Historia de Galiza nos séculos precedentes. Sen embargo mesmo no eido dos estudos historiográficos tampouco tivo Gatelo mellor sorte, pois a súa historia pasou case completamente desapercibida para os investigadores, e os seus vencellos coas tradicións gaélicas nunca foron recoñecidos. Do seu case total esquecemento nos estudos actuais é bo testemuño un recente traballo que ten por obxecto examinar os antigos «rituais de soberanía», dentro dun contexto celta ou indo-europeo (García Quintela e Santos Estévez, 2000). Nel pónse de manifesto como certas cerimoniais de investidura do xefe ou do monarca, de moi anterga orixe, estaban relacionadas con determinadas pedras que presentaban signos *podomorfos*. Pois ben, malia a que os autores deste traballo coñecen a lenda da «pedra de Scone», e a pesar de se referiren a diversos exemplares de *podomorfos* galegos supostamente vencellados con ancestrais rituais de investidura, en ningún momento lembran que houbo un tempo

no que algúns historiadores localizaron en Galiza o reinado do fabuloso Gatelo, primeiro monarca dos Escotos, e que nos transmitiron o relato da súa coroación encol da «pedra do fado» (que Maciñeira identificou precisamente como un *petrogliño*), logo convertida na «pedra da coroación» da monarquía escocesa ata que un rei inglés conquistador levouna á capital do Reino rival.

É así que namentres que en Escocia aínda se mantén viva a lembranza da famosa «pedra de Scone», e se lle esixe ós Ingleses que a devolvan, na Galiza hoxe ninguén recorda a Gatelo e a súa «pedra do fado», que antes de ser propiedade da monarquía escocesa pertenceu á cidade de Brigancia e ós seus reis lendarios.

## 6. FINAL

Ficou demostrada ó longo destas páxinas a presenza da lenda de Gatelo na historiografía galega, e as diferentes fases da súa andaina: os primeiros pasos tateantes durante os comezos do século XVII; o seu desenvolvemento na segunda metade da centuria; o devalo a partir do século XVIII; a procura de novos significados para ela por parte dalgúns historiadores decimonónicos; e o seu relativo rexurdir no principiar do XX, precisamente gracias a eses novos significados que se esforzaban por atopar un fondo histórico no interior de antigas tradicións fabulosas.

Amosei tamén como a figura do príncipe Gatelo e as aventuras dos Escotos procedían das lendas históricas irlandesas, logo transplantadas ó Reino de Alba ou Escocia. E como pasaron moito máis tarde á Historia de Galiza por mediación de Juan de Pineda, e sobre todo a partir da obra do escocés Hector Boece, a quen remitían directa ou indirectamente case tódalas referencias a Gatelo achadas nos escritores galegos.

Quero salientar, polo demais, que a lenda histórica do príncipe Gatelo formaba parte dun grupo de relatos presentes na historiografía galega, e española en xeral, que antes do século XIX —e polo tanto antes da vaga do Celtismo decimonónico— revelaban os diversos poboamentos das illas británicas realizados dende a Península Ibérica, e moi especialmente dende as costas de Galiza. Os protagonistas destas viaxes e colonizacións variaban duns autores a outros e derivaban de fontes diferentes. Ás veces eran personaxes fabulosos como Gatelo, Brigo, Ibero, ou o propio Apóstolo Santiago<sup>7</sup>. Outras veces tratábase de antigas xentes como os Brigantes, os lernos ou os Siluros. A única ocasión, antes do século XIX, da que teño noticia do uso por parte de historiadores españois das tradicións

---

<sup>7</sup> Resulta curioso ler no «falso cronicón» de Julián Pérez que o Apóstolo Santiago, logo de predicar na Península Ibérica, pasou a Irlanda para espallar a fe cristiá, embarcando rumbo á illa dende o *portu Gallaeciae Bragantino* (sic). Tamén nas falsas crónicas de Lucio Dextro e de Marco Máximo o Apóstolo Santiago aparecía predicando nas illas británicas.

irlandesas contidas no *Lebor Gabála Éirenn* para apoiar eses vencellos con Irlanda, estaba presente nas *Excellencias y primacias del Apostol Santiago el Mayor* (1658) de Antonio Calderón e Gerónimo Pardo Villaroel. Nesa obra narrábase brevemente a conquista de Éire por parte dos fillos do rei «español» Miles ou Milesio, consonte algúns historiadores irlandeses (os autores citaban expresamente a Felipe Osullivan, é dicir Philip O'Sullivan Beare). Porén nela non se facía mención de Breogán, nin de Galiza. Ademais este uso temperán das historias irlandesas non terá continuidade nos anos posteriores.

Xa se veu antes que a lenda de Gatelo non foi invocada polos celtistas galegos a prol da reivindicación dunha orixe céltica para Galiza e da «irmandade céltica» coas illas británicas, a diferenza do que aconteceu coa de Breogán. E cando se usaba como argumento favorable ás relacións atlánticas, ou se sinalaban de maneira explícita as súas semellanzas coas historias irlandesas, non se facía dende o Celtismo, nin por escritores que eran especialmente favorables ás teses celtistas.

Nas páxinas precedentes xa apuntei aquelas causas que coidei relevantes á hora de dar conta do esquecemento da figura de Gatelo por parte dos representantes do noso

Celtismo. Agora, xa para rematar este traballo, quería sinalar máis un motivo que pode explicar por que a figura de Breogán eclipsou á de Gatelo como símbolo da Galiza celta, e por que este último non atopou un lugar no imaxinario celtista.

O feito é que na historiografía —escocesa ou galega— Gatelo e o seu pobo nada tiñan que ver cos Celtas. Gatelo era grego; Scota era exipcia; e o pobo que eles gobernaban e que conduciran dende o Exipto ata Galiza, e que posteriormente pasaría a Irlanda e a Escocia, era unha mestura de Gregos e de Exipcios. Estes foran os Escotos, Gatelianos ou Galegos, despois Irlandeses e Escoceses... nunca alcumados de Celtas polos autores galegos e escoceses. É certo que nun principio tampouco o mito das orixes irlandesas non tiña que ver cos Celtas: Fenius, Nel, Gaedhil Glas, Breogán e os Milesianos ou Goidelos, eran Escitas. A Historia e maila identidade irlandesas non incorporaron o Celtismo ata finais do século XVIII e a centuria seguinte (LEERSEN, 1997). E sen embargo no século XIX o carácter «celta» do *Lebor Gabála Éirenn* era xa evidente ó estar redixido en gaélico irlandés, idioma incluído por entón dentro do grupo das linguas célticas. A isto engádese que a antiga literatura irlandesa era un tema tratado frecuentemente polos «estudios celtas» de finais de século —algo que sabían moi ben os celtistas galegos, e nomeadamente Manuel Murguía, quen coñecía os traballos de Henri d'Arbois de Jubainville ó respecto. Polo tanto o feito de as tradicións celtas sinalaren os vencellos entre Galiza e Éire víase como un apoio importante para o Celtismo galego. Non era así no caso de Gatelo, a lenda do cal se transmitira unicamente en francés, latín e inglés (dialecto escocés), e que polo tanto non chamara a atención dos estudiosos das literaturas célticas. Así pois, a ollos dos nosos celtistas, non había probas certas de que Gatelo formase parte da tradición celta.

Xa que logo non pode resultar estraño que os valedores do Celtismo galego non se decatasen de que a fábula de Gatelo —que a simple vista parecía independente das tradicións irlandesas, e que non presentaba ningunha traza aparente de celticidade— era unha variante do *Lebor Gabála Éirenn* que eles viñan de descubrir e que en diante sería tan importante á hora de artellar os mitos celtistas con Breogán á fronte. Velaí o paradoxo de que o auténtico «precursor» de Breogán na Historia de Galiza nunca foi recoñecido como tal, nin se albiscaron os vincallos que o unían coa tradición gaélica.

**Agradecementos:** a Marco Virgilio García Quintela, por me facilitar un exemplar do seu traballo; a María José Bóveda e Xosé Ignacio Vilaseco, polos seus comentarios sobre os *podomorfos*.



## BIBLIOGRAFÍA

### Fontes Primarias

- ÁLVAREZ SOUTELO, J.: *Historia General del Reyno de Galicia...* [ms. de finais do s. XVII ou comezos do s. XVIII, conservado na *Real Academia de la Historia*].
- BOÁN, irmáns (Juan Francisco Fernández de Boán e Araúxo, e Pedro Fernández de Boán e Landecho): *Historia de Galicia* [ms. do s. XIX, copia dun orixinal de mediados do s. XVII].
- BOECE, H. (1938): *The Chronicles of Scotland. Compiled by Hector Boece. Translated into Scots by John Bellenden, 1531. Edited (...) by R. W. Chambers and Edith C. Batho. Vol. I. Edinburgh. The Scottish Text Society* [orixinal latino: *Scotorum Historiae a prima gentis origine*, 1527].
- BUCHANAN, G. (1582): *Rerum Scoticarum Historiae*.
- CALDERÓN, A. e PARDO VILLARROEL, G. (1658): *Excellencias y primicias del Apostol Santiago el Mayor...* Madrid.
- CASTELLÁ FERRER, M. (1610): *Historia del Apóstol de Iesus Christo Santiago Zebedeo; Patron y Capitán General de las Españas*. Madrid.
- CASTRO, J. (1722): *Primera parte de el Arbol Chronologico de la Santa Provincia de Santiago...* Salamanca.
- FLÓREZ, H. (1765): *España Sagrada (...) Tomo XIX. Contiene el estado antiguo de la Iglesia Iriense, y Compostelana, hasta su primer Arzobispo...* Madrid.
- (1766): *España Sagrada (...) Tomo XXI. Contiene la Iglesia de Porto, de la Galicia antigua, desde su origen hasta hoy*. Madrid.
- GARCÍA QUINTELA, M. V. e SANTOS ESTÉVEZ, M. (2000): «Petroglifos podomorfos de Galicia e investiduras reais célticas: estudio comparativo», *Archivo Español de Arqueología*, 73, nº 181-182, pp. 5-26.
- GARCÍA de la RIEGA, C. (1904): *Galicia Antigua. Disertaciones acerca de su geografía y de su historia*. Pontevedra.
- GARCÍA ROMERO, C. (1923): «Un historiador gallego desconocido», *Boletín de la Real Academia Gallega*, ano XVIII, nº 153, pp. 323-332.
- (1925): «Galicia y las Islas Británicas en tiempos remotísimos», *Boletín de la Real Academia Gallega*, ano XX, nº 170, 171, 172.
- GONZÁLEZ y ZÚÑIGA, C. (1846): *Historia de Pontevedra...* Pontevedra.
- HERBELLA de PUGA, B.: *Genealogia analictica (sic) de Antiguos Regulos de Galicia...* [ms. da 2ª metade do s. XVIII, conservado na *Real Academia de la Historia*].
- HUERTA y VEGA, F. X. M.: *Anales de el Reyno de Galicia. Tomo primero...* Santiago de Compostela [sen data, aínda que escritos entre 1733-36].
- LESLIE, J. (1888): *The Historie of Scotland. Wrytten first in latin by the most reuerend and worthy Jhone Leslie, Bishop of Rosse, and translated in Scottish by Father James Dalrymple (...) Edited by the Rev. Father E. G. Cody, O. S. B. Vol. I. Edinburgh. The Scottish Text Society* [orixinal latino: *De Origine Moribus et Rebus Gestis Scotorum*, 1578].
- MACIÑEIRA PARDO de LAMA, F. (1902a): «Ejemplares gallegos y portugueses de la escritura hemisférica», *Boletín de la Real Academia de la Historia*, nº 40, pp. 439-444.

- (1902b): «Galicia y el Trono de la Coronación de Inglaterra», *La Voz de Galicia*, 17 de Maio do 1902.
- (1911): «Galicia en Inglaterra. La coronación de Jorge V. La silla histórica», *La Voz de Galicia*, 1 de Xuño do 1911 [publicado ese mesmo ano como folleto aparte co título de *La Silla de la Coronación de Inglaterra y la Piedra de Scone*].
- (1924): «Relaciones marítimas entre el Norte de Galicia y las islas británicas en tiempos prehistóricos», *Boletín de la Real Academia Gallega*, ano XIX, nº 160, 161, 162.
- (1937): «En la coronación de Jorge VI. Galicia y la famosa piedra de Scone», *La Voz de Galicia*, 9 de Maio do 1937.
- (1947): *Bares. Puerto hispánico de la primitiva navegación occidental*. Santiago de Compostela. CSIC. Instituto «Padre Sarmiento».
- MAIR, J. (1521): *Historia Maioris Britanniae, tam Angliae, quam Scotiae, per Ioannem Maiorem, nomine quidem Scotum, professione autem Theologum, e veterum monumentis concinnata*.
- MÉNDEZ SILVA, R. (1645): *Poblacion General de España...* Madrid.
- MURGUÍA, M. Martínez (1888): *Galicia. Sus momumentos y artes. Su literatura e historia*. Barcelona.
- PINEDA, J. (1588): *Los Treynta Libros de la Monarchia Ecclesiastica...* Salamanca.
- PORREÑO, B.: *Nobiliario del Reyno de Galicia* [ms. de comezos do s. XVII, publicado pola Ed. Boreal. A Coruña, 1997].
- RIOBOO SEIXAS, A.: *Descripcion Chorographica, y topographica antigua de el Reino de Galicia...* [ms. de mediados do s. XVIII, conservado na *Real Academia de la Historia*].
- RIVETT CARNAC, J. H. (1902): «La Piedra de la Coronación en la Abadía de Westminster y su conexión legendaria con Santiago de Compostela», *Boletín de la Real Academia de la Historia*, nº 40, pp. 430-438.
- SANDOVAL, P. (1610): *Antigüedad de la Ciudad, y Iglesia Cathedral de Tuy, y delos Obispos que se save aya avido en ella...*
- SANTA MARIA y ULLOA, P.: *Compendio Historial de la vida de nuestro Patrón Santiago...* [ms. de 1660, publicado na revista *El Libredón* en 1886].
- SANTIAGO y GÓMEZ, J. (1896): *Historia de Vigo y su comarca*. Madrid.
- SKENE, W. F. (ed.)(1871): *Johanis de Fordun Chronica Gentis Scotorum. Vol. I*. Edinburgh.
- SOUTO CABO, J. A. (1996): *A História de Dom Servando. Ediç, o do manuscrito e estudo*. Tese de Doutoramento inédita. Santiago. Universidade de Santiago de Compostela.
- STEVENSON, J. (ed.)(1836): *Scalacronica*. Edinburgh.
- VÁZQUEZ, B.: *Historia de Galicia* [ms. da 2ª metade do s. XVII, conservado na *Real Academia Galega*].
- VERXILIO, P. (1546): *Polydori Vergilii Urbinatis Anglicae Historiae libri uigintifex*. Basilea.
- VILLAAMIL y CASTRO, J. (1873): *Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia. Parte Primera*. Lugo.
- VUGARIN, J.: *Compendio de los Annales de Galicia...* [ms. datado do ano 1655, conservado na *Real Academia de la Historia*].

## Fontes Secundarias

- COWAN, E. J. (1984): «Myth and Identity in Early Medieval Scotland», *The Scottish Historical Review*, vol. LXIII, 2; nº 176, pp. 111-135.
- DREXLER, M. (1987): «Fluid Prejudice: Scottish Origin Myths in the Later Middle Ages» en ROSENTHAL, J. e C. RICHMOND (eds.): *People, Politics and Community in the Later Middle Ages*. Glouceste, pp. 60- 76.
- GERBER, P. (1997): *Stone of Destiny*. Edinburgh. Canongate Books Ltd.
- GUERRA CAMPOS, J. (1964): «El topónimo 'Brigantium' aplicado a Compostela», *Anuario de Estudios Medievales*, I, pp. 641-646.
- KENDRICK, T. D. (1950): *British Antiquity*. London. Methuen & Co. Ltd.
- LEERSEN, J. (1997): *Mere Irish and Fíor-Ghael. Studies in the Idea of Irish Nationality, its Development and Literary Expression prior to the Nineteenth Century*. Notre Dame, Indiana. University of Notre Dame Press [1ª ed. 1986].
- LYNCH, M. (1998): *Scotland. A New History*. London. Pilmico [1ª ed. 1991].
- MACDOUGALL, H. A. (1982): *Racial Myth in English History. Trojans, Teutons and Anglo-Saxons*. Montreal. Harvest House.
- MATTHEWS, W. (1971): «The Egyptians in Scotland: The Political History of a Myth», *Viator*, nº 1, pp. 289-306.
- PEREIRA GONZÁLEZ, F. (no prelo): «Primeiras referencias ós Celtas na historiografía galega», *Cadernos de Estudos Galegos*.
- RIVERA VÁZQUEZ, E. (1989): *Galicia y los Jesuitas. Sus colegios y enseñanza en los siglos XVI al XVIII*. A Coruña. Fundación Barrié de la Maza.
- SCOWCROFT, R. M. (1987): «*Leabhar Gabhála* - Part I: The growth of the text», *Ériu*, XXXVIII, pp. 81-142.
- (1988): «*Leabhar Gabhála* - Part II: The growth of the tradition», *Ériu*, XXXIX, pp. 1-66.
- VAN HAMEL, A.G. (1915): «On *Lebor Gabála*», *Zeitschrift für Celtische Philologie*, X, pp. 97-197.
- WILLIAMSON, A. H. (1996): «Scots, Indians and Empire: The Scottish Politics of Civilization 1519-1609», *Past and Present*, nº 150, pp. 46-83.